

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16346 *Corrección de erros da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo.*

Advertidos erros na Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164 do Consello, do 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao núm. 164, do 10 de xullo de 2021, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 27, punto tres, onde di: «Modifícase o número 5 e engádense os números 6, 7 e 8 no artigo 18, que quedan redactados da seguinte forma:», debe dicir: «Modifícase o número 5 e engádense os números 8, 9 e 10 no artigo 18, que quedan redactados da seguinte forma:».

Na páxina 27, punto tres, na modificación do número 5, na última liña, onde di: «... a súa actividade ao estranxeiro.», debe dicir: «... a súa actividade ao estranxeiro.».

Na páxina 27, punto tres, na modificación do número 6, onde di: «6. Nos casos previstos nas alíneas b) e c) do número anterior...», debe dicir: «“8. Nos casos previstos nas alíneas b) e c) do número 5...”».

Na páxina 28, no segundo parágrafo, na terceira liña, onde di: «... prevista na alínea b) do número anterior...», debe dicir: «... prevista na alínea b) do número 5...», e na quinta liña, onde di: «... previsto na letra c) do número anterior...», debe dicir: «... previsto na alínea c) do número 5...».

Na páxina 29, onde di: «7. No caso de transferencia a España...», debe dicir: «9. No caso de transferencia a España...».

Na páxina 29, onde di: «8. Non será de aplicación o disposto no número 6 do presente artigo...», debe dicir: «10. Non será de aplicación o disposto no número 8 do presente artigo...».

Na páxina 85, disposición transitoria segunda, no primeiro parágrafo, quinta e sexta liñas, onde di: «... a entrada en vigor desta lei, conforme o sinalado na súa disposición derradeira cuarta,...», debe dicir: «... a entrada en vigor desta lei, conforme o sinalado na súa disposición derradeira sétima,...».